



SESION ORDINARIA DE 25 DE OUTUBRO DE 2022

(Acta número 11)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez
D. Xosé María Teixido Núñez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	1/31



Pide a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para proponer que se garde un minuto de silencio polo falecemento do piloto Santiago Durán; manifestándolle o Sr. Presidente que pola súa parte xa se tiña pensado na mesma proposta, e téndose aprobado por tódolos Grupos Políticos os señores/as deputados/as e o público asistente, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

Unha vez rematado o minuto de silencio, continúaase a sesión plenaria co punto número un da Orde do Día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de setembro de dous mil vinte e dous e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEXTA ADDENDA DE MODIFICACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DE PROXECTO DE MELLORA NA REDE DE SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS, RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJÓO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	2/31





“Logo de ver a proposta do Presidente, do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a modificación sexta do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, coa finalidade común de colaborar na financiación e execución das obras para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes

Pola Xunta de Goberno, en data 19 de maio de 2017, aprobouse o convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo, sendo modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xullo de 2017 coa finalidade da adaptar o texto a normativa vixente, sendo subscrito o 20 de setembro de 2017.

O devandito convenio interadministrativo foi modificado; por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, asinándose addenda de modificación o 29/12/2017; por acordo da Xunta de Goberno de data 04/10/2019, asinándose addenda o 02/12/2019; acordo da Xunta de Goberno de data 02/10/2020, asinándose addenda o 09/11/2020, acordo da Xunta de Goberno de data 12-03-2021, asinándose addenda o 21 de abril de 2021 e acordo do Pleno de data 30/11/2021 sendo asinada addenda o 20/12/2021, tendose establecido o cadro de financiamento seguinte:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	3/31



2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	857.100,00 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	243.577,08 €	106.573,00 €	76.126,57 €	60.877,51 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00€

Con data 11/10/2022 recíbese escrito da Secretaría General da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, no que se solicita reaxuste dos importes con motivo da revisión excepcional de prezos dos contratos de obras celebrados para a execución dos investimentos, achegando borrador da addenda de modificación sexta ao convenio referenciado.

O Concello de Monforte de Lemos aprobará a modificación no seu orzamento, de proceder, antes da sinatura da modificación ao convenio interadministrativo de acordo coa proposta presentada pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Segundo.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Terceiro.- O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	4/31





de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

- a) *Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”*

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) *Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- b) *A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- c) *O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	5/31



- d) *Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
- e) *Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumplimento*
- f) *Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- g) *Réxime de modificación do convenio.*
- h) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
- a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 - b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)*

Sexto.- *A colaboración entre administracións como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.*

Nesta mesma liña de potenciar a colaboración entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias,

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	6/31





(...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...).”

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigo 2 e 3 que entre os obxectivos sinala “(...) b) manter e mellorar o nivel da poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión, (...)”. O artigo 7 deste precepto sinala “O programa de Desenrolo rural sostible incluírá medidas destinadas a satisfacer necesidades e demandas sociais de grupos de poboación que requiran unha atención prioritaria, en particular, as mulleres, os xoves, os maiores e as persoas con discapacidade”.

Así mesmo, o artigo 23 desta mesma Lei 45/2007 sinala “No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servizos básicos, o PDRS poderá establecer medidas orientadas a: (...) d) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora, singularmente nas zonas rurais prioritarias,

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	7/31



no marco da normativa reguladora da Administración Local. Favorecerase especificamente a prestación coordinada de servizos públicos entre municipios próximos.


A estes efectos debe terse en conta que aínda que a acción obxecto do convenio se desenvolva en zona urbana, o art. 3.a da amentada Lei 45/2007 establece a seguinte definición auténtica de medio rural: “Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km2.”

Sétimo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Oitavo.- O concello de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	8/31





parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)"


A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, establece na súa disposición adicional primeira "as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, ...", debendo interpretarse co artigo 3.3 desta Lei, ao sinalar que non se entenderá como exercicio de novas competencias a colaboración entre administracións (...), que se artella neste convenio.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos". O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: "nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)"

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: " a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)"

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais "os que presten as entidades locais no

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	9/31




ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.

Noveno.- Á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e control do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo (artigo 23 do Texto Refundido de la Lei de Augas) para cuxa finalidade poderá establecer convenios de colaboración coas Entidades Locais, ao amparo do disposto no artigo 25.2 da amentada disposición legal, que indica: “Os organismos de conca poderán celebrar convenios de colaboración coas CCAA, as Administracións Locais e as comunidades de usuarios para o exercicio das súas respectivas competencias, conforme ao disposto na lexislación vixente.”

Décimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido polas tres administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Monforte de Lemos dun saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, pola Confederación Hidrográfica Miño Sil achégase proposta de modificación, que afecta ao anexo I relativo ás anualidades, segundo o establecido na cláusula segunda, apartado terceiro “en caso de resultar necesaria la modificación de las anualidades, ésta se realizará a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, cuando sea preciso, para acomodar la financiación al ritmo de ejecución de las actuaciones”. Con esta modificación, o anexo I, relativo ás aportacións, e execución nas distintas anualidades, suporía un incremento na achega da Deputación de 32.846,48€, e quedaría do seguinte xeito:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	10/31





	TOTAL	CONFEDERACIÓN DEL MIÑO-SIL, O.A.	HIDROGRÁFICA	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LE MOS
2018	47.190,00 €		16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €		0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	890.937,19 €		376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	301.739,89 €		139.419,49 €	108.973,05 €	87.184,54 €
TOTAL	1.492.000,00 €		532.846,49 €	532.846,48 €	426.307,03 €

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

Décimo Primeiro.- A presente modificación do convenio non lle é de aplicación a lexislación en materia de contratos:

- Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”*
- Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non*

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	11/31



este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Décimo Segundo.- En canto ao órgano competente sinalar que inda que o Convenio e addenda ao mesmo foi aprobada pola Xunta de Goberno, esta addenda, toda vez que pola ampliación de prazos adicionais (mais aló dos 4 anos que fixa o artigo 49 da Lei 40/2015), aprobada, segundo o artigo 57, apartado 20 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde ao Pleno, atendendo a duración do convenio.

Así pois a proposta de ADDENDA de MODIFICACIÓN sexta do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a nova financiación do devandito convenio.


É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propono que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a addenda de modificación sexta do convenio interadministrativo, a solicitude da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, o concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co obxecto de colaborar na financiación, execución e entrega ao Concello das obras de Proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, nos seguintes termos:

Modificar as aportacións a efectuar polos asinantes, incrementando a achega de Deputación en 32.846,48€ e quedando do seguinte xeito:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	12/31





	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	890.937,19€ €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	301.739,89€ €	139.419,49 €	108.973,05 €	87.184,54 €
TOTAL	1.492.000,00 €	532.846,49 €	532.846,48 €	426.307,03€

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=2>

--0000--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEMANDA DUNHA REMUDA SOCIAL NA POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE LUMES E DE APOIO ÁS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en demanda dunha remuda social na política de prevención de lunes e de apoio ás comunidades de montes veciñais en man común.

Exposición de Motivos:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	13/31



As primeiras mudanzas de usos feitas polas persoas nos nosos montes veñen de antigo. Desde o neolítico, hai uns 6000 anos, pouco resta da nosa contorna que non fose modificado pola man humana para seu uso e beneficio coa chegada da agricultura e a gandería. A ferramenta máis antiga e eficaz para facer o entorno favorable aos seus intereses foi o lume.

Para abrir claros entre o bosque e facilitar a caza primeiramente, para xerarpastos e impulsar as primeiras actividades gandeiras e agrícolas despois, empregábase o lume. Existe toda unha tecnoloxía organizada do lume, que tiña un uso individualizado para queimar uns restos dunha silveira ou de xeito colectivo en grupo para rexenerar matogueira ou xerar pastos, para un cultivo cerealista ou para espantar as bestas, etc...

Só se reservaban como áreas “arboradas” pequenas fragas para a obtención de madeira e tamén soutos, para o alimento. Puntualmente plantábanse algunhas árbores e matogueiras arbustivas (toxos e xestas) para teitar, colmare proporcionar lume no fogar. Mudouse a práctica totalidade do territorio co lume.

A partir de comezos do século XX cando en función do momento histórico o lume pasa de ferramenta agraria a instrumento con distintas vertentes: instrumento de protesta (época das ditaduras), instrumento administrativo (a partir dos anos 70 do século XX), instrumento de confrontación política (a partir dos anos 80 do século XX), instrumento mediático (século XXI).

Xa non hai implicación do conxunto da parroquia, o monte embasta aínda máis, a paisaxe mosaico mingua ou desaparece, o monte invade o espazo urbano. Particulares descoidan a limpeza empregando en xeral no monte e nos labradíos especies forestais que xa tiñan ou lles ofrecen: especies de crecemento rápido para, no mellor dos casos, sacar unhas minguadas rendas a curto prazo.

Os lumes son hoxe unha pesada lousa para a nosa sociedade, con terribles efectos medioambientais: contaminación atmosférica, empobrecemento edáfico con perda de solo polo arrastre das augas e as conseguíntes inundacións en espazos urbanos, degradación da biodiversidade, etc...

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	14/31





A nivel social provocan graves estados de alarma e de emerxencia cidadán con perdas materiais e o máis grave nas últimas décadas: vidas humanas.

O actual dispositivo de extinción, sen maior ampliación para funcións preventivas, resulta custoso de máis. Calculábase a principios da presente década que os gastos de extinción poderían equivaler ao valor dun cuarto da produción madeireira.

O presente e o futuro a curto prazo non se albisca esperanzador. Non hai solucións doadas nin inmediatas a este mal, e no caso de empezar a camiñar cara elas só terían efectos a medio prazo. A superación dos problemas estruturais dos incendios virán da man da recuperación do rural, dotando ao monte da multifuncionalidade que debe posuír e en consecuencia da fin da inmensa masa continua de monocultivos forestais, a través da inclusión da compoñente social en todas as políticas de xestión forestal e de prevención dos lumes.


Debe priorizarse o apoio ás comunidades de montes veciñais en man común para tratar de reducir o absentismo na propiedade forestal nos montes da provincia de Lugo. As medidas de organización e xestión no territorio deben ser tomadas contando cos seus habitantes de xeito personalizado.

A Organización Galega de Comunidades de Montes presentou recentemente no Parlamento de Galiza máis de 12.000 sinaturas para tramitar a ILP en defensa dos montes comunais. O proxecto de lei de montes veciñais contida na iniciativa Lexislativa Popular é unha lei ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade galega.

Esta ILP contempla como eixos fundamentais o recoñecemento do monte veciñal como unha titularidade máis, distinta e en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas e o reforzamento do carácter xermánico dos montes veciñais en man común.

Considera a veciñanza como único requisito para ser titular destas terras comunitaria, impide todo tipo de expropiación dos montes veciñais, considera como aproveitamentos e usos dos montes veciñais todos os que se produzan nos mesmos, proporciona capacidade de decisión da veciñanza comuneira para pór en valor as súas terras comunitarias. Promove a declaración como nulos de pleno dereito de todos os actos de ocupación e usurpación, así como das súas posteriores

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	15/31



transmisión que se realizaran de xeito ilegal e a declaración dos montes veciñais en común como figuras de protección ambiental e cultural en si mesmos.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galiza a que teña en consideración a iniciativa lexislativa popular presentada pola Organización Galega de Comunidades de Montes na defensa dos Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Solicitar á Xunta de Galiza que inclúa e priorize a compoñente social como elemento transversal en todas as súas políticas de xestión forestal e recuperación da actividade agrogandeira necesaria para unha efectiva prevención de lumes nos nosos montes.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=3>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA RESPONSABILIDADES NA VAGA DE LUNES DO VERÁN E UN CAMBIO NAS POLÍTICAS DE LOITA E PREVENCIÓN DOS LUMES FORESTAIS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	16/31





reclamar á Xunta responsabilidades na vaga de lumes do verán e un cambio nas políticas de loita e prevención dos lumes forestais.


Galicia sufriu de novo este ano os efectos dunha devastadora vaga de lumes forestais. Uns lumes que afectaron de xeito especialmente devastador á provincia de Lugo, con 13.600 has queimadas no Courel e na Pobra de Brollón. Neses concellos, xunto cas perdas materiais, os lumes puxeron en risco as vidas de moitos veciños, ante as deficiencias dos plans de evacuación da Xunta.

A diferenza do que fixo o sr. Feijoo cando era xefe da oposición, os socialistas apostamos pola responsabilidade e non abrimos o debate político durante o verán. Ó contrario, aportamos medios, colaboración e traballo na loita contra unha ameaza que nos afecta a todos. Pero agora é o momento de que a Xunta asuma as súas responsabilidades, recoñeza o fracaso do seu modelo e busque un acordo de país que reformule a estratexia contra os incendios. Porque as cifras provisionais de máis de 44.000 has queimadas, máis de 20.000 en espazos naturais, demostran que as cousas non se están a facer ben.

Con 180M€, Galicia é a CCAA que máis orzamento adica á loita contra o lume. Como é posible que sexa sempre unha das máis afectadas? Quizá porque segundo o conselleiro de Medio Rural, desa cantidade só 14M€ se destinan a tarefas de prevención. As condicións creadas polo cambio climático – máis vento, menos humidade, temperaturas máis elevadas – condenan ó fracaso ás políticas centradas na extinción, e obrigan a poñer o acento na prevención. Unha prevención que a Xunta desdénha, incumprindo os prazos legais de aprobación do PLADIGA e apostando por un modelo de brigadas municipais, temporais, infradotadas e mal coordinadas que, coma tantas veces, carga nos concellos responsabilidades que son competencia da Xunta. Chama a atención que mentres a propia Fiscalía investiga a inacción da Xunta, rexedores populares coma a alcaldesa do Courel poñen o empeño en tapar a actitude da Consellería, antepoñendo as consignas de partido por riba da defensa dos intereses dos seus veciños e veciñas.

Dende o Grupo Socialista da Deputación de Lugo consideramos que a loita contra o lume forestal é un obxectivo prioritario para garantir o futuro do noso rural, e negámonos a aceptar

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	17/31



como inevitable unha situación que se reproduce ano tras ano polas malas políticas do PP. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

A comparecencia do conselleiro de Medio Rural en sede Parlamentaria para dar explicacións e asumir as súas responsabilidades ante a vaga de lumes do verán.

Que a Xunta cumpra ca legalidade vixente recollida no Real Decreto 15/2002, artigo 48, punto 3, e aprrobe e publique o PLADIGA antes do 31 de outubro do ano precedente ó da súa aplicación.

Que a Xunta mude o seu modelo de loita contra o lume para poñer o acento nas tarefas de prevención e limpeza do monte durante todo o ano, incrementando as partidas orzamentarias adicadas á prevención.

A implantación dun servizo único de loita contra o lume profesional, estable, formado, ben equipado e baixo o mando único da Xunta de Galicia, rematando ca situación de precariedade, temporalidade e descoordinación do actual modelo de brigadas municipais.


O impulso de políticas forestais transversais, que fomenten os usos agrogandeiros, forestais, turísticos ou culturais imprescindibles para manter o monte vivo, limpo e ordenado”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=4>

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	18/31





5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA UN PLAN DE CHOQUE PARA RESOLVER OS PROBLEMAS DA SANIDADE PÚBLICA NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta un plan de choque para resolver os problemas da sanidade pública na provincia de Lugo.

A principios do curso político, o presidente da Xunta cualificaba a situación da Sanidade pública galega durante o verán como de “relativamente tranquila”. Na provincia de Lugo, o 80% dos concellos teñen carencias de persoal en atención primaria. Concellos como A Pontenova, Pantón, Abadín, Antas de Ulla, Ribadeo, Barreiros, por citar só algúns, contaron cun só médico para atender ós veciños. No caso de Viveiro, o cadro de persoal de 10 médicos traducíuse en moitos días do verán na presenza de só 2/3 facultativas.

Ó presidente da Xunta lle aporta tranquilidade saber que Abadín, Alfoz, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, A Fonsagrada, Foz, Mondoñedo, Monterroso, Outeiro de Rei, Ribadeo ou o Valadouro teñen problemas de Atención Pediátrica. E noutros como Carballedo, Parga, Guitiriz, Castro de Rei ou Cervo se pecharon centros de saúde, dentro da política de parcheo da Xunta. Concellos como Muras, Oroul, Navia de Suarna, as Nogais ou Ribas de Sil contan cun só médico, e Negueira de Muñiz non ten médico asignado.

Para aprofundir nesa “tranquilidade”, a Xunta decidiu subministrar a cuarta dose da vacina da covid ós maiores de 85 anos nun sistema de vacunódromos centralizados nos hospitais. Isto obrigou ós maiores, e ás súas familias, a asumir desprazamentos de ata 120 km para poñer a vacina. O sistema fracasou, como quedou de manifesto polas queixas verquidas nos medios, e só se vacinaron a metade das persoas previstas.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	19/31



Foi un exemplo máis da incapacidade da Xunta de Galicia para xestionar a Sanidade Pública. Unha incapacidade que quedou confirmada nas sorprendentes declaracións realizadas pola xerente do Sergas, Estrella López-Pardo, o pasado día 16 de outubro.


Nelas pediulles ós cidadáns que entendan que non “poderá haber un pediatra en cada centro de saúde”; que “non todas as citas de atención primaria teñen que darse no día”, ou que o seu modelo contempla como normal que os pacientes crónicos pasen 6 meses ou máis sen recibir atención médica.

Entendemos que alén da súa cualificación persoal, a xerente do Sergas herda as consecuencias de tantos anos de políticas de recortes do PP. Realmente é difícil garantir unha boa atención cando o PP leva recortado preto de 1.100 profesionais en Atención Primaria na súa etapa de Goberno. Ou cando se pechan 900 camas hospitalarias. Por non falar da irracionalidade dun modelo de xestión, o do Sergas, que contempla como normal non cubrir as vacacións nin as baixas por enfermidade. E que converte cada xubilación na amortización dunha praza.

O PP non pode recorrer a escusa da falta de cartos, porque un goberno que en 2020 deixou sen executar o 40% dos fondos extra de Sanidade percibidos por mor da pandemia, non pode alegar problemas orzamentarios. E tampouco ten credibilidade quen culpa ó Goberno central da falta de prazas MIR, cando o certo é que as catro últimas convocatorias do goberno de Pedro Sánchez foron as máis grandes da historia. Son as malas condicións laborais que ofrece a Xunta as que fan que as prazas de MIR de Lugo queden desertas, ou que a plantilla galega de Pediatría estea cuberta só ó 85%.

Dende o Grupo Socialista da Deputación de Lugo negámonos a aceptar como normal a situación de precariedade e desmantelamento da sanidade pública que a deficiente xestión dos gobernos da Xunta está a xerar na provincia. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	20/31





- O compromiso formal de non volver empregar o sistema de vacunódromos centralizados para persoas da terceira idade, así como unha liña de axudas que permita ós afectados recuperar o custo económico desembolsado para acceder a unha vacina que outros maiores van recibir de xeito gratuito.
- A elaboración dun plan de choque que solucione os graves problemas de atención primaria que hoxe sofren o 80% dos concellos da nosa provincia.
- Que garanta os cadros de persoal completos en todos os centros de saúde, hospitais e especialidades, nomeadamente no rural.
- Que garanta unha política de contratación que cubra as baixas por enfermidade, as vacacións e as xubilacións do persoal sanitario.
- Que deseñe un modelo de carreira profesional atractivo, para evitar que queden desertas prazas de especialidades como a Atención Primaria ou a Pediatría”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA RECLAMAR UN SERVIZO FERROVIARIO QUE RESPONDA ÁS NECESIDADES DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	21/31



celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para reclamar un servizo ferroviario que responsa ás necesidades de Lugo.

Exposición de Motivos:

Coñecido nestes días o proxecto do Orzamento Xeral do Estado, pódese comprobar como un ano máis o Goberno de quenda deixa de lado a necesaria mellora das infraestruturas ferroviarias que necesita Galiza. Non se mellora a situación e Lugo segue á cola nos investimentos, especialmente no ferrocarril, onde continuaremos con infraestruturas do século XIX.

Lugo, sofre unha evidente e histórica discriminación en canto as inversións como consecuencia dos consecutivos gobernos do PP como do PSOE, o que se traduce nun déficit en infraestruturas, equipamentos e servizos, particularmente no transporte ferroviario.


A chegada da alta velocidade a Galiza, con case que 30 anos de atraso sobre a data anunciada nun primeiro momento polo Goberno, só supuxo que agora sexa máis rápido ir en tren de Lugo a Madrid que de Lugo a Compostela.

Ao que se suma a non existencia de servizos de proximidade en ningunha das áreas metropolitanas galegas e que no caso de Lugo mantense sen electrificar a liña a A Coruña. Constatase asemade, que os sistemas de seguridade non sempre se corresponden cos que marcan actualmente os estándares internacionais.

De igual maneira, a comarca da Mariña –xunto con Ferrolterra e Ortegal– padece as consecuencias do progresivo desmantelamento do antigo FEVE e o sur da provincia viu como nos últimos anos desaparecerían paradas e frecuencias que foron minguando a calidade dun servizo xa de pésimas condicións.

O tren é un medio de transporte fundamental no presente mais tamén un elemento chave para o futuro pois representa unha alternativa sustentábel ao transporte de viaxeiros e mercadorías por estrada, supón un importante factor no proceso de descarbonización da economía e un mecanismo de cohesión social e vertebración territorial.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	22/31





Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Esixir do Goberno do Estado Español:

- a) A modernización completa e urxente da vía entre Lugo-A Coruña.
- b) A implantación da conexión directa entre Lugo e Compostela a través do estudo da variante entre Curtis e Ordes de 27 Km.
- c) A dotación dos recursos humanos, especialmente maquinistas, necesarios para garantir o servizo tanto nas conexións ferroviarias desde Lugo e desde Monforte, como no antigo FEVE.
- d) A ampliación das frecuencias para garantir un servizo de calidade que responda ás necesidades da poboación e fomenta o uso do tren coma servizo de proximidade fronte ao uso do vehículo particular.

2.- Instar a Xunta de Galiza a demandar a transferencia das competencias en materia ferroviaria para poder desenvolvermos un tren galego de proximidade. E a iniciar os traballos e estudos necesarios para a súa planificación e posta en marcha”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO APOIE A PROPOSTA DA CIDADE DE LUGO COMO SEDE DA “AGENCIA ESTATAL DE SALUD PÚBLICA”.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	23/31



Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para que a Deputación de Lugo apoie a proposta da cidade de Lugo como sede da “Agencia Estatal de Salud Pública”.


Exposición de Motivos:

No mes de agosto o Ministerio de Sanidade publicou o anteproxecto de lei polo que se crea a “Agencia Estatal de Salud Pública” coa finalidade de prestar unha atención integral á saúde.

Tras unha pandemia sen precedentes, faise preciso poñer en marcha medidas para apoiar a recuperación sanitaria e impulsar un proceso de transformación estrutural que permita unha atención integral á saúde. Para lograr isto é necesario configurar un organismo público que preste asesoramento para o deseño de intervencións, avaliación do impacto e redución de inequidades na saúde.

Neste contexto, no que se recoñece a existencia dunha necesidade, nace a figura da “Agencia Estatal de Salud Pública”. Unha figura que tal como recolle a exposición de motivos do Real Decreto que regula o procedemento de elección de sedes para as novas axencias, que determina que se tomarán en consideración factores como a tendencia demográfica, algo que fai da nosa provincia, eminentemente rural e envellecida, e da nosa comunidade unha firme candidata a albergar estas instalacións. Se a isto se lle suma que a Xunta de Galicia xa ten na cidade de Lugo o Laboratorio Central de Saúde Pública, que a día de hoxe é un referente a nivel nacional no eido da seguridade alimentaria e da sanidade ambiental, podemos afirmar que Lugo conta con valores moi notables para conquistar o obxectivo que se plantea.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	24/31





Esta iniciativa nunha cidade como Lugo, nunha provincia como a nosa e nunha Comunidade como Galicia, serviría para consolidar un proxecto que conta cunha larga e profunda tradición en todo o relacionado co campo da sanidade, ao mesmo tempo que supón unha dotación máis que permite impulsar socioeconomicamente á cidade.

Como centro neurálxico en materia sanitaria para España e co apoio dos diferentes organismos que xa existen na cidade, reforzarase a coordinación das distintas institucións e das accións levadas a cabo en cada unha delas, xerando sinerxias entre os diferentes centros relacionados coa saúde pública. Tamén permitirá levar a cabo asesoramento técnico para aquelas intervencións que nesta materia efectúen as diferentes administracións públicas, organismos ou institucións.

Xa que logo, estamos en disposición de afirmar que Lugo é a mellor candidatura para esta infraestrutura e que Lugo merece esta oportunidade. Co apoio a esta iniciativa dáse un novo pulo ao importante esforzo inversor en materia sanitaria que está a facer a Xunta de Galicia en Lugo.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular, que subscribe esta moción, considera de interese provincial que o Pleno da Corporación Provincial acorde:

Impulsar, apoiar e respaldar dende a Deputación Provincial de Lugo a solicitude para que a “Agencia Estatal de Salud Pública” se instale en Lugo”.


O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR ÁS ADMINISTRACIÓNS PROVINCIAL, AUTONÓMICA E NACIONAL A EXECUTAR AS MELLORAS NECESARIAS NAS SÚAS RESPECTIVAS REDES DE ESTRADAS NA PROVINCIA DE LUGO.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	25/31



Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ás Administracións Provincial, Autonómica e Nacional a executar as melloras necesarias nas súas respectivas redes de estradas na provincia de Lugo.


Exposición de Motivos:

As estradas en boas condicións son infraestruturas básicas para o desenvolvemento económico e social dos veciños e veciñas que habitan os territorios. Máis aínda cando se trata de territorios que perden poboación e teñen ámbitos rurais que quedan despoboados. Na provincia de Lugo, a competencia das grandes redes estradas divídese entre as distintas administracións: provincial, autonómica e nacional.

Na provincia lucense hai estradas dependentes das tres administracións citadas nas que é preciso que se leven a cabo os investimentos necesarios para que se atopen nas mellores condicións para garantir a seguridade vial e facilitar a circulación de persoas e mercadorías.

No que atinxe á Deputación de Lugo, o estado da súa rede viaria é, en gran parte, lamentable, incluso no caso dunha vía fundamental para a vertebración da provincia, como é a LU – P 1611 “Intermunicipal Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, O Páramo, Pol”, denominada cinto comarcal, que ten tramos nos que o pavimento está totalmente desfeito e cuxa sinalización horizontal e vertical, ademais de ser escasa, está moi deteriorada. O grupo Provincial do Partido Popular demandou, sen éxito, en varias ocasións o deseño e aprobación dun plan provincial plurianual de rehabilitación e de mellora das estradas provinciais, que considera imprescindible para manter en bo estado ás vías que dependen da Deputación. Dado que a Deputación terá un orzamento especialmente elevado para o ano 2023,

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	26/31





é aínda máis viable o deseño e aplicación dun plan integral, guiado por criterios obxectivos, como vén defendendo o grupo provincial popular.

No caso do Estado, é innegable que o orzamento xeral para o 2023 supón un retroceso en canto a investimentos en estradas e constitúe un castigo para a provincia. É así ata tal punto que non recolle nin unha partida específica para reconstruír o viaduto colapsado da A-6, unha vía fundamental de comunicación de Galicia coa Meseta; os prazos para rematar a autovía Lugo-Santiago alónganse, desaparece a autovía Lugo-Ourense e o intercambiador previsto en Montecalvo; para a autovía de A Mariña só figuran partidas testemuñais. A lista de estradas que precisan obras de mellora é longa.

En canto, ás estradas de titularidade autonómica é preciso que a Xunta de Galicia cumpra os compromisos adquiridos respecto ao desdoblamento da vía de alta capacidade Lugo-Monforte ou o inicio das xestións para a apertura da Ronda Leste en Lugo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

Instar ao goberno provincial a acometer as melloras necesarias na rede provincial de estradas e reclamar das administracións central e autonómica as intervencións precisas nas súas respectivas redes viarias na provincia de Lugo”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=8>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS Á MODIFICACIÓ/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	27/31



ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLOS CONCELLOS DE BECERREÁ, POBRA DO BROLLÓN E BARREIROS.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria...” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 09/09/2022, en relación cos escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de Becerreá, Pobra do Brollón e Barreiros, solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2022, dos que se adxunta certificación dos amentados acordos, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20221025&punto=9>

10.- CONTA DO INFORME ANUAL 2021 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE.


O Pleno da Corporación queda enterado do informe anual 2021 sobre o cumprimento en materia de morosidade.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20221025&punto=10>

11.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	28/31





Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de setembro de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3297 ao 3696. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=11>

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=12>

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente manifestase que por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase un Rogo e unha Pregunta, que se tratarán a continuación.

R O G O

Formado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á reparación de cuberta do pavillón anexo ao Pazo dos Deportes, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

O pavillón anexo ao Pazo dos Deportes atópase en estado lamentable. Tantas son as deficiencias que, nas últimas semanas, como consecuencia do mal estado da cuberta, nos días de choiva intensa, a auga entrou en grandes cantidades no interior do pavillón e ocasionou danos no

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	29/31



parqué. Por outro lado, estas instalacións carecen de aseos e vestiarios, como xa puxo de manifesto este grupo en numerosas ocasións. Resulta difícil de entender este estado de cousas nunhas dependencias provinciais como estas, tendo en conta que a Deputación de Lugo apenas conta con instalacións deportivas que xestionar e dispón dun deputado delegado de Deportes.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno provincial que adopte sen máis demora as medidas necesarias para reparar a cuberta do pavillón anexo ao Pazo dos Deportes, restaure o parqué danado polas goteiras e dote a estas instalacións de vestiarios e aseos”.

PREGUNTA

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á reforma das instalación da Escola de Piragüismo, que textualmente di o seguinte:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

A Deputación Provincial é titular dunhas poucas instalacións deportivas na capital lucense. Unhas destas instalacións son as correspondentes á Escola de Piragüismo, en As Saamasas. Dende hai anos, son coñecidas as deficiencias que presentan, tanto no que se refire aos vestiarios e aseos, así como á parte de almacén e á propia cuberta. É necesaria, polo tanto, unha reforma integral. Das obras precisas, fálase dende hai anos, pero, que se saiba, ningún paso eficaz deu o goberno provincial para atender as citadas necesidades. A medida que pasa o tempo, as deficiencias agrávanse e nunca se cumpren os compromisos adquiridos polo deputado de Deportes, Efrén Castro, para solventar os problemas indicados.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta:

Por que motivos a Deputación non iniciou as reformas que o goberno provincial leva prometendo dende o principio do actual mandato e cando ten previsto comezar a facelas?”.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	30/31





Intervencions:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20221025&punto=13>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Fecha y Hora	04/11/2022 13:20:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A2D2L2BVMRGM7S4QQG5YTKQ	Página	31/31

